



## **PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID NO CURSO 2021-2022**

O presente Plan de Adaptación ten como obxecto crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento de medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse por toda a comunidade educativa do CEE SANTA MARÍA co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por Covid-19.

Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica e a normativa así o requiren.

VERSIÓN 1

06-07-2021



## INDICE

Datos do centro	3
Medidas de prevención básica	4
Medidas xerais de protección individual	12
Medidas de limpeza	18
Material de protección	20
Xestión de abrochos	22
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	25
Medidas de carácter organizativo	25
Medidas relacionadas coas familias e ANPA	29
Medidas para o alumnado transportado	31
Medidas de uso do comedor escolar	32
Medidas para o uso de outros espazos	34
Medidas específicas para os recreos	42
Medidas para o alumnado de educación infantil e primeiros cursos de primaria	43
Medidas no uso de laboratorios e talleres	44
Normas para o alumnado de NEE	44
Medidas específicas para o profesorado	46
Medidas de carácter formativo e pedagóxico	47
Anexo protocolo de limpeza	51
Anexos	



<b>1 DATOS DO CENTRO</b>	
<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>
27014057	CEE SANTA MARÍA
<b>ENDEREZO</b>	<b>CÓDIGO POSTAL</b>
Rúa da Luz 1	27002
<b>TELÉFONO</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>
982829220-Centralita 982242213	cee.santamaria@edu.xunta.gal
<b>PÁXINA WEB</b>	
<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceesantamaria/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceesantamaria/</a>	



## **MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA**

### **1. Principios sanitarios básicos**

Con carácter xeral a actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas do sistema educativo, e priorizarase para o alumnado de menor idade.

A suspensión xeneralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da Comunidade Autónoma, únicamente se adoptará diante de situacións excepcionais de acordo co previsto na normativa e acordos vixentes.

Os centros educativos manteranse abertos todo o curso escolar asegurando os servizos de comedor, así como o apoio lectivo aos menores con necesidades educativas especiais ou pertencentes a familias socialmente vulnerables, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base a indicacións das autoridades sanitarias.

Evitaranse as asembleas ou reunións presenciais tratando de realizalas de forma telemática. O centro promoverá que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas que sexa posible se realicen de forma telemática.

Cada centro deberá contar cun equipo formado na Covid-19 que será referencia para o resto de persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou persoa que a substitúa e dous membros do profesorado. Corresponde á persoa titular da dirección do centro o nomeamento dos restantes membros. Tamén lle corresponde a persoa directora a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración.

O persoal docente e non docente deberá realizar unha autoenquisa diaria para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS–Cov-2. Esta autoenquisa realizarase antes da chegada ao centro educativo e non ten que comunicarse ao centro, senón que deberase adoptar polo persoal as medidas oportunas en función do resultado e comunicar ao centro a ausencia.

Cada día, antes de acudir ao centro, os pais/nais/titores legais realizarán unha valoración dos síntomas recollidos na autoenquisa. Ante a aparición de, polo menos, un dos síntomas, as persoas titoras non enviarán ao alumno/a e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra. No caso de os síntomas se produzan no centro educativo o alumnado deberá permanecer no espazo de illamento habilitado no centro ata que unha persoa responsable veña a recollelo.

No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable, como consecuencia de patoloxías que provoquen dependencia, os criterios que rexerán a asistencia a clase ou a escolarización domiciliaria serán os que recomenden o seu médico ou pediatra de acordo



co establecido na resolución que se diten instrucións para atención educativa ao alumnado vulnerable ou alumnado con conviventes vulnerables durante o curso 2021-2022 como consecuencia da pandemia da Covid-19.

### **Comunicacións obrigatorias de sintomatoloxía ou de confirmación**

Ante aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo Covid. Como criterio xeral manteranse en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumnado dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid do centro educativo a maior brevidade posible.

Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo pola Covid-19, o alumnado ou persoal do centro que conviva coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid que se encontren á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será preciso que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

### **2. Membros do equipo Covid**

<b>Teléfono</b>		982 829220-centralita 982 242213	
<b>Membro 1</b>	Jose´ Francisco López Varela	<b>Cargo</b>	Director Coordinador
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coordinación do equipo Covid.</li> <li>- Nomeamento dos demais membros do equipo.</li> <li>- Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade.</li> <li>- Recoller e estudar as propostas da comunidade educativa.</li> <li>- Trasladar aos protocolos os acordos e adaptacións.</li> <li>- Coordinación coa administración educativa e sanitaria.</li> <li>- Informar a comunidade educativa das medidas adoptadas nos distintos escenarios.</li> <li>- Velar polo cumprimento das normas establecidas.</li> </ul>		



	<p>-Xestión dos medios necesarios nos casos de atención educativa non presencial.</p> <p>- Control do gasto para material de prevención en colaboración coa secretaría do centro.</p>		
<b>Membro 2</b>	María Luísa Neira López	<b>Cargo</b>	Xefa D.O. Membro
Tarefas asignadas	<p>- Realizar aportacions desde o DO.</p> <p>- Asesoramento de toda a comunidade educativa.</p> <p>- Velar polo benestar emocional da comunidade educativa.</p> <p>- Velar polo cumprimento das normas protocolarias.</p> <p>- Elaboración, en colaboración co/a pediatra de referencia, do documento de adaptación específico de medidas de seguridade para o alumnado vulnerable.</p> <p>- Informar as persoas alleas que traballen no centro co alumnado en virtude de convenios das medidas sanitarias a ter en conta.</p>		
<b>Membro 2</b>	María Jesús Peteiro Folqueira	<b>Cargo</b>	Secretaria do centro Membro
Tarefas asignadas	<p>- Sustitución do coordinador do equipo, na súa ausencia.</p> <p>-Control do gasto e do inventario Covid, en colaboración coa dirección do centro.</p> <p>- Merca, distribución e inventario do material de prevención.</p> <p>- Realizar aportacións ao equipo.</p> <p>- Velar polo cumprimento das normas protocolarias.</p> <p>- Rexistro de ausencias do persoal e do alumnado relacionadas coa Covid.</p> <p>- Control das ausencias do alumnado no servizo de comedor e velar polo cumprimento dos protocolos neste servizo, en colaboración coa dirección do centro.</p>		
<b>Membros suplentes</b>	<p>- María Ángeles Prieto Izaguirre: suplente de María Jesús Peteiro</p> <p>- Julia Cabaleiro Vilar: suplente de María Luísa Neira</p> <p>- María Marta Manso Eliz: suplente de José Francisco López Varela</p>		



### 3 Centro sanitario de referencia

- Centro de saúde da Milagrosa
- Teléfono 982202339

### 4. Determinación do espazo de illamento Covid e determinación do seu equipamento

O espazo de illamento Covid estará situado na planta 1 na zona de internado preto do salón de actos.

A sala inclúe:

- Xel hidroalcohólico.
- Luvas.
- Papeleira con tapa.
- Papel para o secado de mans.
- Batas desbotables.
- Termómetro sin contacto.
- Máscaras cirúrxicas e FFP2.
- Pantallas protectoras.

A sala conta coa ventilación axeitada.

### 5. Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa educativa

E.Primaria	8
E. Secundaria	29
Programas Formativos	19

\*\*Todo o alumnado será considerado de educación especial aos efectos deste protocolo.

### 6. Cadro de persoal do centro educativo

O centro conta co seguinte persoal:

- Profesorado: 22 efectivos.
- Persoal non docente: 36 efectivos.

### 7. Determinación dos grupos estables de convivencia

AULAS	Nº ALUMNADO	Nº PROFESORADO
1-3	8	Todos
14-15	9	Todos
4-5	6	Todos
6-7	7	Todos
8-9	7	Todos



PF. Xardinería	10	Todos
PF. Peiteado	8	Todos

\* Asígnase todo o profesorado porque aínda que buscamos a rotación máis baixa, prodúcense ausencias, substitucións, etc. Ademais algunha aula precisa de apoios co cal aumenta o número de mestres con intervención en ditas aulas.

\*\* O persoal coidador algún está asignado por aulas, nos casos que é preciso, pero no comedor dadas as necesidades do alumnado están a traballar con aulas distintas ademais de ser varias itinerantes, co cal hai que cubrir eses servizos que deixan. Realizan a ruta de transporte pola cidade de Lugo es os venres, por razóns de turnos de traballo, realízaa o persoal de tarde da residencia internado.

\*\*\* Todo o persoal do centro usa a máscara na xornada laboral.

\*\*\*\* No transporte escolar viaxa alumnado de distintos grupos, sendo obrigatorio tamén o uso da máscara, tendo en conta que unha parte do alumnado non pode usar a máscara. Intentarase colocar ao alumnado sempre no mesmo sitio no transporte, gardar a distancia de seguridade e agrupalos por aulas.

## **8. Medidas para os grupos estables de convivencia**

Reduciranse os contactos co resto de grupos do centro.

O alumnado empregará a máscara tanto fóra como dentro de aula, aínda que hai alumnado que polas súas características non pode usala. Nestas casos recoméndase o uso de pantallas de protección, ventilación das aulas, extremar as medidas de hixiene de mans e manter as distancias de seguridade. Nos casos nos que o alumnado non poida usar máscara e non se poida manter a distancia de seguridade poderíase indicar por parte do persoal o uso de máscara cirúrxica ou autofiltrante, ademais dunha pantalla ou viseira, en función da avaliación do risco de cada caso por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

O alumnado traerá unha máscara de reposto e un estoxo para gardala como no caso do comedor escolar.

O profesorado e persoal non docente empregará a máscara con continuidade e recoméndase usar outras medidas como viseras de protección para a realización de certas tarefas nas que non se poida gardar a distancia de seguridade.

No momento da entrada á aula ou no seu cambio dedicaranse uns minutos á desinfección da mesa, cadeiras e material.





Os primeiros momentos de clase adicaranse ao recordo e interiorización das normas de hixiene e seguridade. Adaptaranse as explicacións ás distintas capacidades do alumnado e tamén ao seu sistema habitual de comunicación, usando se é preciso os SAAC ou lectura fácil.

Cada alumno ou alumna terá o seu propio kit básico de material, estoxo con obxectos de emprego máis común e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

Se se usa material de uso común será desinfectado ao rematar o traballo, afectando isto ao xiz ou rotulador de pizarra no caso de utilizalo na aula. Realizarase unha desinfección minuciosa das mans.

Levarase a cabo unha ventilación das aulas ao comezo da xornada lectiva, recreos e final da xornada e a poder ser a cada cambio de sesión. Pódese ventilar 2-5 minutos cada 15-20 minutos de clase, xa que resulta máis efectivo que manter as ventás abertas todo o tempo en caso de temperaturas extremas invernaís. Buscarase sempre unha ventilación cruzada abrindo a porta e as ventás.

Nos desprazamentos polo centro circularase pola nosa dereita, respectaranse os percorridos, tocaranse as paredes e pasamáns o menos posible, respectaranse os sentidos de movemento e a orde na entrada e nas saídas.

O material de cada alumno ou alumna estará separado e se está gardado de xeito grupal para ser entregado farase a desinfección de mans antes e despois de repartilo.

Todo o persoal deberá usar máscara e realizará unha correcta desinfección das mans ao entrar e saír da aula.

Evitaranse os percorridos polo centro salvo os casos nos que sexa preciso.

A aula quedará en perfecto orde ao finalizar a xornada, sendo o profesorado que teña a derradeira sesión na mesma o encargado de que isto sexa así.

Se o alumnado fai uso doutros elementos educativos como colchonetas, elementos de estimulación sensorial, etc, procederá ventilación posterior da sala e a limpeza con solución dos virucidas aprobados polo Ministerio das superficies utilizadas.

No caso de que o alumnado non teña a autonomía suficiente, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como a hixiene de mans non momentos da entrada ao centro, cambio de aula ou de actividade, despois de ir ao baño, tras esberrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da autonomía persoal.



Os equipos de traballo (ordenador, monitor, rato, mesa, etc) deberán ser usados pola persoa titular do posto e os novos usuarios realizarán unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento de iluminación, proxectores e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou persol non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

No caso de alumnado en escolarización combinada formará grupo de convivencia estable coas aulas ás que lle correspondan.

Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado.

Se a transmisión é moi baixa permitirase que os grupos de convivencia interaccionen con grupos do mesmo curso, sobre todo ao aire libre.

Aínda que aos grupos de convivencia estable non se aplican os criterios de limitación de distancias, tratarase de manter a maior distancia posible entre os postos escolares, como mínimo 1, 2 metros medido desde o centro das cadeiras de cada posto escolar.

## **9. Canle de comunicación co equipo Covid**

O contacto entre os membros do equipo Covid será constante, usando o teléfono móbil ou o correo corporativo.

Usarase como canle de comunicación, tanto de alumnado como de persoal, para dar a coñecer ao equipo Covid os casos de sintomatoloxía compatible es as ausencias o teléfono do centro 982 829220 e o correo electrónico [cee.santamaria@edu.xunta.gal](mailto:cee.santamaria@edu.xunta.gal)

## **10. Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado**

O rexistro de ausencias do persoal docente e non docente realizarase como en cursos pasados, realizando esta tarefa xefatura de estudos e a dirección do centro.

As distintas titorías serán as encargadas de levar un rexistro das ausencias do alumnado sendo comunicadas as ausencias ao titor cando se produzan en sesións onde non imparta docencia a persoa titora.

As ausencias por sintomatoloxía tamén serán rexistradas de maneira convencional, pero as ausencias quedarán eximidas de xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e permitirán activar as medidas en caso de abrocho ou gromo. As titorías comunicarán ao equipo Covid as ausencias deste tipo.

Para un seguemento axeitado dos casos as faltas serán levadas ao día por parte das distintas titorías usando a aplicación Xade.



Establécese un rexistro de ausencias COVID que serán arquivadas no centro, tanto do persoal como do alumnado.

## **11. Comunicación de incidencias**

As familias ou persoal do centro comunicará as incidencias e ausencias á persoa coordinadora Covid-19 no centro.

A partir da comunicación dunha incidencia a persoa coordinadora do equipo Covidponse en contacto coas familias, centro de saúde de referencia, Xefatura Territorial e comunícanse os datos por medio da aplicación Educovid.

Esta labor en ausencia da persoa coordinadora será realizada pola persoa suplente que formará parte do equipo Covid.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xuntamente coa Consellería de Sanidade, dispón da canle informática denominada “Educovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que a Central de Seguemento de Contactos (CSC) alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro os seguintes fluxos de información:

- Recoméndase que o caso confirmado ou persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro para poder comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible.

- Sempre que ao equipo Covid se lle comunique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado deberá porse en contacto coa Central de Seguemento de Contactos (CSC) para identificar aos contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación habilitado de 09 a 22 horas todos os días da semana e que estará disponible en Educovid, na axuda da aplicación, ou tamén nos apartados equipo e centro médico.

- Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCovid, para o que se identificará ao caso coa correspondente IdOrixe.

- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso.

- No caso de que sexa o centro educativo o que notifica á CSC a existencia dunha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que a CSC non teña aínda a información necesaria e procederase da seguinte forma:



- A CSC axudará a buscar indicios de que se trata dun caso confirmado e se hai información o equipo Covid cargará o caso en Educovid co IdOrixe 0000, o que indica que o caso non está verificado aínda.

- Despois buscaranse os contactos estreitos pero gardaranse pero non se notificarán. Así será a persoa directora a que adiante esta información aos posibles contactos estreitos, a eles a só a eles. A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de Covid-19, polo que deben quedarse na casa en corentena. Unha vez confirmado o caso pola CSC procederase como habitualmente xa cunha IdOrixe real.

En todo o proceso esixirase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid. O equipo Covid do centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos dos que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares non vinculadas ao centro, terán que ser recollidos pola autoridade sanitaria.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarse da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

As familias deberán ter os datos actualizados en Xade. O profesorado e persoal non docente deberán manter os seus datos de contacto actualizados aos mesmos efectos.

A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados dos representantes dos menores que obran na bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.

Segundo o criterio epidemiolóxico considérase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara; os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento

## **MEDIAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL**

### **12. Situación dos postos escolares**

De forma xeral manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.



Nos casos de grupos de convivencia estable non se aplicarán de maneira estrita estas distancias, aínda que para maior seguridade tratarase e manter a distancia de seguridade dentro e fóra da aula.

A distancia a manter entre os postos escolares será a máxima que permita a aula, cando menos de 1,20 metros desde o centro das cadeiras de cada posto escolar.

Poderanse adoptar as seguintes medidas para poder gañar espazo:

- Retirada do mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula.
- Poderán usarse aulas alternativas de maior dimensión.

Tratarase que o alumnado ocupe o mesmo posto escolar todo o curso e as distintas titorías encargaranse de que sexa así e realizarán un croquis, antes do primeiro día lectivo, da aula e da ubicación dos postos escolares.

### **13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos**

O alumnado traballará normalmente na súa aula ordinaria salvo para acudir ao ximnasio ou polideportivo para a asignatura de educación física, aula de música, aulas de AL, aula multisensorial, aula de informática e biblioteca.

A aula de informática usarase tamén para a asignatura de relixión e apoios. En caso necesario a aula de música será usada tamén como aula de apoios.

Cando se cambie de grupo realizarase unha desinfección dos postos de traballo e do material. Procurarse manter as ventás abertas se o tempo o permite e deixarse ventilando como mínimo 5 minutos entre os grupos.

A entrada e a saída realizarase unha desinfección de mans, poñendo sempre coidado no uso do xel. O profesorado e persoal non docente supervisará o uso axeitado do mesmo e que non queden restos nas mans do alumnado.

Cada vez que se use unha sala ou aula quedará en perfecto estado de orde para o grupo seguinte.

### **14. Determinación de medidas para o uso das aulas de PT e departamento de orientación.**

#### Nas aulas de AL

Realizarase unha intervención individual e usarase a máscara e, dacordo coas intervencións, visera de protección.

Nos casos nos que o alumnado non poida usar máscara e non se poida manter a distancia de seguridade poderíase indicar por parte do profesorado o uso de máscara cirúrxica ou autofiltrante, ademais dunha pantalla ou viseira, en función da avaliación do risco de cada caso por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.



O alumnado usará o seu propio material e desinfectarase a cada uso o que se poida compartir e unha desinfección das mans.

Se é preciso usaranse mamparas de protección según o tipo de intervención que se realice.

Entre cada intervención realizarase unha ventilación mínima de cinco minutos e manteranse abertas as ventás o maior tempo posible se o permiten as condicións meteorolóxicas.

Á entrada e saída da aula realizarase unha hixiene de mans, poñendo especial coidado no uso de xel.

#### Departamento de orientación

Seguiranse as medidas de seguridade e hixiene, usarase as máscara e as familias concertarán cita para ser atendidos contactando coa orientadora do centro.

Para maior seguridade instalouse unha mampara de protección no caso de reunións no despacho.

Potenciarase a atención telemática e telefónica coas familias para evitar os desprazamentos ao centro.

O aforo máximo desta sala será de catro persoas mantendo a distancia en todo momento. En caso necesario usarase o salón de actos para as reunións coas medidas de seguridade necesarias.

Ventilarase a sala uns 5 minutos entre cada atención que se realice no despacho de orientación ou no salón de actos, se é o caso.

### **15. Titorías coas familias**

Tratarase de realizar as titorías vía telemática usando a aplicación Webex ou vía telefónica.

En casos puntuais e necesarios poderanse realizar de maneira presencial na aula coas medidas de seguridade establecidas. Os asistentes usarán máscara, gardarán as distancias de seguridade, realizarán a hixiene de mans e desinfectarase o material usado.

As distintas titorías adaptaranse a situación familiar e laboral das familias e sempre será necesaria unha cita previa con tempo para que a persoa titora poida recabar a información do resto do profesorado.

### **16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro**

As canles de comunicación coas familias serán as circulares, a páxina web do centro, teléfono ou a aplicación Abalar.



Poñerase en coñecemento das familias a maneira de descargar a aplicación a as súas funcionalidades a través da web do centro, circulares ou información individual.

As canles de comunicación coas persoas alleas serán a vía telefónica e o correo electrónico ao igual que coa administración educativa e sanitaria.

Teléfono do centro 982829220-centralita ou 982242213

Correo: [ceesantamaria@edu.xunta.gal](mailto:ceesantamaria@edu.xunta.gal)

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceesantamaria/>

## **17. Uso da máscara no centro**

Entendemos que o centro educativo debe promulgar hábitos que conciencien sobre os beneficios do emprego da máscara como medida de protección sanitaria.

Será obrigatorio o uso de máscara no centro por tódalas persoas que accedan ao mesmo e colocaranse carteis para recordalo na entrada e corredores.

O persoal docente e non docente usará a máscara en todo momento con independencia da distancia interpersonal.

Para o alumnado será obrigatorio o uso de máscara coas excepcións previstas no ordenamento xurídico. Será obriga do alumnado levar cando menos unha máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario como por exemplo no comedor.

A obriga de uso da máscara non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan da autonomía para quitarse a máscara ou ben presenten condutas que fagan enviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno ou alumna ou polos servizos de prevención de riscos, no seu caso, para o persoal docente e non docente.

O uso da máscara como método de barreira para limitar a transmisibilidade do Covid-19 aparece regulado inicialmente no Boletín Oficial do Estado número 142 de 20/05/2020, en cuxo artigo 2 establece que os maiores de 6 anos están obrigados ao seu uso, limitando a súa aplicación a:

a) Persoas que presenten algún tipo de dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara.

b) Persoas nas que o uso da máscara resulta contraindicado por motivos de saúde debidamente xustificadas, ou pola súa situación de discapacidade ou dependencia presenten alteracións de conduta que fagan enviable a súa utilización.





c) Desenvolvemento de actividades nas que, pola propia natureza destas, resulte incompatible o uso da máscara.

d) Causa de forza maior ou situación de necesidade.

O ámbito de aplicación desta medida foi variando en función da situación epidemiolóxica, aínda que os colectivos obrigados ao seu uso permaneceron invariables desde a súa primeira publicación.

Sobre o punto “a” cabe destacar que na actualidade non están definidas que enfermidades respiratorias crónicas poderían (se é que as hai) xustificar a exención da obrigatoriedade do uso da máscara. Este punto suscitou moito debate na comunidade científica.

Os apartados clave son aqueles que fan referencia a contraindicación de uso, apartado b, e a causa de forza maior ou necesidade, apartado d. No referente ao apartado “b” cabe contemplar varios escenarios:

1. Patoloxías incluídas no programa alerta escolar (coñecidos pola comunidade educativa):

A. Diabetes mellitus (DM): no caso de hipoglucemia debe permitírselle a retirada da máscara para alimentarse. Manter as medidas de seguridade, distancia física e lavado de mans pre e post.

B. Agudización grave asma bronquial: de forma crónica non se estimou este diagnóstico como unha xustificación xenérica para a non utilización da máscara e no caso improbable de que presente dificultade respiratoria severa, habería que actuar como en calquera outra situación, activar o Sistema de Emerxencias e seguir as súas instrucións.

C. Crises convulsivas: non debería actuarse de forma distinta a como se actuaba antes da pandemia derivada da Covid-19.

2. Situación de discapacidade ou dependencia: resulta moi complicado establecer en que situacións os nenos e nenas que se poden incluír neste apartado poderían ser eximidos do uso de máscara. En relación con este apartado merecería facerse énfase nos nenos e nenas con Trastorno do Espectro Autista que poderían tolerar dificilmente a máscara ou en outros trastornos xeneralizados do desenvolvemento que puidesen presentar limitación á súa tolerancia. Nestas situacións a solución máis razoable parecería establecer un diálogo coa familia e coñecer a tolerancia do neno ou nena no ámbito familiar, antes de determinar por defecto a exención do seu uso. Ao non estar o seu uso contraindicado o proceso de aprendizaxe de utilización e tolerancia da mesma formará





parte do programa de traballo así como a utilización, se é posible, doutras barreiras de defensa como as pantallas, etc.

Causas de forza maior ou situación de necesidade: este apartado fai referencia a situacións nas que por accidente, enfermidade grave, ou situación aguda de intercurrente, vómitos por exemplo, e o/a menor non poida facer uso da máscara, nesta situación o mellor é seguir o sentido común.

Entón, en liñas xerais, a mellor recomendación sería asegurarse que:

- Cos/as menores con enfermidade crónicas xa coñecidas que padecen algunha agudización grave, á marxe de activar o Sistema de Emerxencias, realícense todas medidas definidas no informe de inclusión en alerta escolar.

- Cos/as menores non incluídos en alerta escolar pero con patoloxía crónica, especialmente aqueles en situación de dependencia, establecer de forma individual a súa tolerancia á máscara, diálogo esencial coas familias.

- En situacións de forza maior actuar priorizando a seguridade do/a paciente seguindo os consellos do Sistema de Emerxencias.

No ámbito da comunidade educativa as máscaras que se utilizarán serán as mesmas que no ámbito comunitario. O alumnado usará máscara cirúrxica ou hixiénica que cumpra coa normativa UNE 0064 para as de un só uso ou UNE 0065 para as reutilizables.

Na cartelería do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre o uso da máscara e realízase formación sobre este tema coa axuda da enfermeira do centro. Dentro da formación para a saúde farase referencia ao uso correcto da máscara como medida colectiva de protección.

Nos casos nos que o alumnado non poida usar máscara e non se poida manter a distancia de seguridade poderíase indicar por parte do persoal o uso de máscara cirúrxica ou autofiltrante, ademais dunha pantalla ou viseira, en función da avaliación do risco de cada caso por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

O alumnado terá que adquirir as súas máscaras e o alumnado da residencia internado traerá as necesarias para estar no centro de luns a venres. O persoal educador encargárase de que o alumnado traiga ao centro as máscaras precisas e a súa renovación.

Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e materia de convivencia escolar entenderase incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os



supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación das normas protocolarias. Polo que respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.

### **18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.**

Na web do centro estará disponible este plan e o plan de continxencia para consulta do persoal e familias. Enviarase circular ás familias sobre este punto e tamén por Abalar.

As distintas titorías informarán ao alumnado das instrucións e medidas e establecerán rutinas de lavado de mans, maneira de poñer a máscara, percorridos polo centro, etc. Poderán adaptarse as normas establecidas usando SAAC según as capacidades do noso alumnado.

O plan será aprobado pola dirección do centro, presentado ao consello escolar e claustro de mestres e enviado á inspección educativa xunto co resto de documentación do centro.

Será enviado ao persoal do centro de servizo de mañá e ao persoal de tarde e noite que realizan servizo na residencia internado.

## **MEDIDAS DE LIMPEZA**

### **19. Asignación de tarefas ao persoal, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.**

O persoal de limpeza pertence ao centro:

- Dúas persoas de mañá.
- Unha persoa de tarde.
- Unha persoa de tarde, a media xornada.

O persoal de mañá limpará o internado, sala de ordenadores, sala de xogos, biblioteca e realizará a limpeza dos baños e outras salas de uso común como ximnasio, sala de xogos e todas aquelas superficies de uso frecuente e no caso dos baños realizarase dúas veces ao longo da xornada lectiva.

O persoal de tarde realizará a limpeza das aulas, despachos, salas do persoal, salón de actos, ximnasio, baños, corredores, etc despois da xornada lectiva.

O persoal de limpeza será o encargado de repoñer xabón e papel nos baños para a hixiene de mans e o de realizar a ventilación das salas despois da xornada lectiva.

Terase especial coidado nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuente como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e



outros elementos de similares características así como as billas, elementos de cisternas e outros dos aseos.

Realizarase unha desinfección dos postos de traballo compartidos en cada cambio de quenda ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo os que poidan usar máis dunha persoa. Cada usuario/a limpará ao rematar de usar un ordenador a superficie do teclado, do rato e pantalla.

Usaranse desinfectantes como dilucións de lexivia (1:50) recién preparadas ou calquera dos desinfectantes con efecto virucida autorizados polo Ministerio de Sanidade. Sempre se respectarán no seu uso as indicacións da etiquetaxe e do fabricante e as características das superficies e materiais a limpar ou desinfectar, poñendo especial coidado en non deteriorar as superficies delicadas.

Logo da limpeza os materiais empregados desbotaranse de xeito seguro e procederase ao lavado de mans.

Vixiaranse as papeleiras de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos para evitar contactos accidentais.

Realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións e salas por espazo de 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases e entre clase.

A primeira ventilación das distintas salas será realizada polo persoal de conserxería e na zona de residencia internado será realizada polo persoal de limpeza asignado de mañá, polas tardes será o persoal coidador e educador o encargado destas ventilacións na zona de residencia internado.

Cando as condicións o permitan manteranse as ventás e portas abertas o maior tempo posible e favorecerase a ventilación cruzada. Tamén se poden abrir as ventás 2- 5 minutos cada 15-20 minutos de clase, sendo esto máis efectivo cando as temperaturas son moi baixas no exterior.

No caso de que un alumno o unha alumna ou persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contenedor once depositemos panos e outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno, alumna ou persoa traballadora teña abandonado o centro educativo.

## **20. Distribución horaria do persoal de limpeza**

Dúas persoas de mañá: 07:30 a 15:00.



Unha persoa de tarde: 14:00 a 21:30.

Unha persoa de tarde, a media xornada: 15:00 a 18:45.

## **21. Material e protección para a realización das tarefas de limpeza**

Todo o persoal de limpeza usará os elementos de protección recomendados para realizar esta labor como as luvas e a máscara.

O persoal de limpeza terá especial coidado na manipulación do contido das papeleiras con tapa e o material esbotado nelas.

## **22. Cadro de control de limpeza dos aseos**

Existirá un cadro de control de limpeza dos aseos que irá cubrindo o persoal encargado da mesma. Serán recollidos por conserxería e gardados para a súa consulta, se é o caso.

## **23. Modelo de cheklist para anotar as ventilacións da aulas.**

En cada aula o profesorado irá anotando as distintas ventilacións que realicen. Serán recollidos por conserxería e gardados para a súa comprobación en caso de que sexa necesario.

## **24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos.**

Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras ou contenedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

Todo o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

## **MATERIAL DE PROTECCIÓN**

### **25. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.**

O centro dispón do seguinte material de protección:

- Xel hidroalcohólico e dispensadores nas entradas, aulas e salas de uso común.
- Xabón para o lavado de mans e dispensadores nos aseos.
- Papel, panos e servilletas para o secado de mans.
- Dispensadores de papel e servilletas de man.
- Luvas para o persoal do centro. O uso das luvas non é recomendable en xeral, pero

si nas tarefas de limpeza. (Punto 3.9. e 14.19. do protocolo da adaptación ao contexto da



Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, versión 06-07-2021)

- Mamparas de protección.
- Carteis informativos sobre a Covid-19.
- Máscaras para o persoal, de reposto e pantallas ou viseras de protección.
- Material para a desinfección de superficies.
- Papeleiras con tapa e pedal.
- Infografía Covid.
- Batas desbotables.
- Pantallas faciais.
- Termómetros sin contacto.
- Felpudos nas entradas para desinfectar o calzado.

## **26. Determinación sistema de compras do material de protección.**

A Consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección. Corresponde ao equipo formado na Covid, en colaboración coa secretaría do centro, o inventario das mesmas e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega a seu consumo para a actividade propia do centro.

Corresponde ao centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplir o aprovisionamento de equipos de protección que non sexan centralizados pola Consellería, en especial o xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, material de limpeza e desinfección, mamparas de protección, papeleiras de pedal, impresión da cartelería e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección.

Os gastos serán contabilizados de forma independente respecto das restantes subministracións do centro para coñecer os sobrecustes derivados da Covid-19. Nas facturas deste tipo anotarase “Covid-19” para a súa contabilización e os provedores facturarán esta partida separada do resto.

As compras serán realizadas aos provedores tendo en conta criterios de calidade, precio, servizo e que ofrezan material homologado e que está incluído nos listados do Ministerio de Sanidade.

A persoa que ocupa a secretaría será a encargada de solicitar o material e a súa contabilización.

## **27. Procedemento de distribución e entrega de material e a súa reposición.**



O material será entregado pola secretaria do centro en colaboración con conserxería e o equipo Covid. O persoal asinará a recepción do material e serán arquivados os xustificantes de entrega.

O equipo Covid, profesorado, persoal non docente, conserxería e o persoal de limpeza serán os encargados de pedir que se repoña material nas aulas, salas e aseos.

Sempre se mercará material homologado e con todas as garantías de seguridade sanitaria.

O persoal comprométese a un uso axeitado e correcto do material según o seu etiquetado de normas de uso.

O protocolo establecido pola Consellería, no seu punto 3.9 medidas xerais de protección individual e colectiva di : “O uso de luvas non é recomendable en xeral, pero si nas tarefas de limpeza. As luvas serán retiradas segundo as instrucións previstas na infografía e refugaranse na fracción resto”. Así farase un uso prudente deste material e sempre limitado a labores profesionais.

## **XESTIÓN DE ABROCHOS**

### **28. Determinación de medidas**

No contexto deste protocolo, defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

Non asitirán ao centro aqueles estudantes, docentes ou outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19 ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Diante dun suposto no que unha persoa da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do Sergas en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: “Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos” e das Instrucións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade. En virtude das mesmas:

Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica, tanto a persoa que iniciou os síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no Plan de Continxencia do centro educativo, e



contactarase coa familia , no caso de afectar ao alumnado. A persoa responsábel ou os seus titores deberén de chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do Sergas e seguiranse as súas instrucións. No caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/a traballadora ou traballador abandonará o seu posto de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro incluírá á rede de contactos a través da aplicación EduCovid para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.

A persoa que presente síntomas no centro será levada ao espazo ou sala covid cunha máscara cirúrxica, tanto a persoa illada como a persoa acompañante, e se é un alumno ou alumna que non usa máscara, por estar exento ou exenta, a persoa acompañante usará unha máscara FFP2 sen válvula ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese máscaras FFP2, poderá usarse máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Seguirase o establecido no Plan de Continxencia do centro nos casos de illamento en supostos de síntomas compatibles nos casos de confinamento do alumnado, activando as medidas de atención educativa non presencial.

#### Escenarios nos suposto de gromos

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na “ Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos”, e o “Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-COV-2 no ámbito educativo de Galicia” cos seguintes supostos:

Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considérase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar á máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.

As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán permanecer en corentena ata que obteñan o resultado negativo da PCR que se solicitará transcurridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto e non se realiza a





PCR, a corentena finalizará igualmente. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselles unha proba Covid nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñen unha posible infección por Covid-19.

En función da violencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran o centro educativo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena De 10 días a todas as persoas que teñen a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola resolución que dite para a regulación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, que desenvolverá as medidas previstas para o ensino a distancia.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguemento da pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

## **29. Determinación das persoas que realizan as comunicacións ás autoridades sanitarias e educativas.**

A persoa encargada de comunicar as incidencias ás autoridades sanitarias e educativas será a dirección do centro e na súa ausencia a secretaria do centro, membro de equipo Covid.

No caso de ausencia prolongada do dirección será a persoa suplente a que asuma as funcións da dirección do centro.





## **XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE**

### **30. Canle de petición de solicitudes de vulnerabilidade e de comunicación coa Xefatura Territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal sustituto.**

De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para a Covid 19 realizarán o seu traballo, sempre que súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-COV-2.

A dirección do centro usará o correo electrónico e os modelos establecidos para a comunicación destes casos e a súa tramitación ás autoridades que lles corresponda.

Para a tramitación de persoal sustituto usarase a aplicación de Persoal Centros tanto para o persoal docente como o non docente.

## **MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO**

### **31. Entradas e saídas**

#### **ENTRADAS**

A entrada pola mañá realizarase pola porta de internado e pola porta principal. Así as aulas 1-3 entrarán pola porta de internado. O alumnado das outras aulas, para evitar ter que percorrer o centro entrarán pola entrada principal.

A entrada comezará ás 08:40 xa que algún bus chega a esa hora porque compartimos transporte con outro centro e ademais así poderá realizarse unha entrada sen aglomeracións e de forma ordeada.

O alumnado baixará en orde, de un en un, do autobús ou taxis acompañados das persoas coidadoras do transporte.

O profesorado e o persoal laboral recibirá ao alumnado e dirixirao ao lugar estipulado. O alumnado con menos autonomía será axudado polo persoal coidador.

O profesorado asignado controlará á entrada do alumnado e que se faga a desinfección de mans con seguridade, evitando que queden restos nas mans, non se acumulen nas entradas, gardando a distancia de seguridade. O alumnado que o precise será axudado na entrada e hixiene de mans. A dirección do centro ou quen o substitúa



estará pendente da orde na baixada nos transportes e da separación e orde no desprazamento ata as distintas entradas.

A distribución é a seguinte:

- As aulas 1-3 pasillo internado e sala de xogos e son controlados por persoal laboral e 1 mestre.
- Alumnado de xardinería e peiteado irá para as súas aulas e alí estará o profesorado que teña clase.
- Aulas 14-15 dirixirase a súas aulas e un mestre coa axuda do persoal coidador farase cargo deles.
- Aulas 4-9 suben para as aulas e o profesorado asignado controla esa zona.

Na PXA do curso 2021-2022 sinalarase o profesorado asignado en cada unha das zonas de vixianza.

As familias que traigan ao alumnado deixarano, na porta de entrada ao recinto se ten autonomía e se non poderá entrar con el ata ser recibido polo persoal coidador ou docente.

Non se poderá entrar no recinto cos vehículos particulares, salvo as familias do alumnado con mobilidade reducida.

O alumnado da residencia internado será acompañado por persoal educador ou coidador de servizo de noite ata incorporarse ás distintas aulas pola mañá. No se deixará ao alumnado só polos corredores.

Poñerase especial coidado na desinfección dos agarres das cadeiras de rodas, que poden ser manipulados por diferentes persoas do centro.

## **SAÍDAS**

A saída xeral realizarase pola porta da residencia internado. Se algunha familia recolle antes ao alumnado pode facelo pola porta principal, asinando o impreso correspondente, como se viña facendo ata agora e se é posible avisarán con antelación.

Despois do comedor o alumnado transportado sairá pola porta de internado entregado polo educador ou dirección do centro en colaboración co persoal coidador e encargada de comedor.

Os transportistas agardarán a que sexa entregado o alumnado en orde, gardando as distancias de seguridade. O alumnado que o precise será axudado polo persoal coidador e educador.

As familias que recollan ao alumnado despois de comer tamén gardarán as distancias de seguridade e esperarán o seu turno para recibir aos seus fillos e fillas. Os transportistas



e e persoal coidador dos mesmos esperará gardando a distancia entre eles dentro do recinto escolar.

A entrega farase por transportes e irase chamando ao alumnado para a súa entrega que se desprazará en orde e gardando a distancia de seguridade entre eles.

Poñerese especial coidado na desinfección dos agarres das cadeiras de rodas, que poden ser manipulados por diferentes persoas do centro.

### Entrada das familias e outras persoas ao centro

As familias só entrarán no centro cando deixan ao alumnado pola mañá, á recollida e no caso de ser necesario para unha xestión no centro. Cando deixen ou recollan ao alumnado farano gardando as distancias de seguridade e evítanse as aglomeracións no exterior. Non acudirán ao centro cando o alumnado se atopa no recreo ou no cambio de clase. Non se permite a acumulación de alumnado e familias no exterior do centro. Só se entrará co coche no recinto cando o alumnado teña unha mobilidade reducida. Tratarase de realizar o maior número de xestións posibles por teléfono ou correo electrónico.

As persoas alleas respectarán tamén as distancias e horarios de entrada ao centro. No caso de provededores de cociña realizarán as xestións pola porta de cociña e nos outros casos en conserxería, sempre respectando os horarios de recreo. As persoas que realicen traballos ou arranxos farano cando non haxa alumnado polos corredores e entrarán pola porta de conserxería.

Sempre se usará a máscara no centro, farase a desinfección de mans a entrada e saída, respectarase as distancias de seguridade, non se manipularán obxectos máis que o necesario e en caso de usar os aseos usarase o que está ao lado da sala de mestres o primeiro según se entra no centro. Aumentarase a desinfección deste aseo para visitas.

### **32. Portas de entrada e saída e circulación no centro**

O alumnado as mañás usará para entrar as seguintes portas:

- Aulas 1-3 a porta de lado da residencia internado.
- O resto de aulas usará a porta principal e mantendo as distancias de seguridade, para evitar que teña que percorrer todo o pasillo do lado de internado.

Circularase pola dereita nos distintos corredores, tocando as paredes e pasamáns e outros elementos o menos posible, sen acumulacións e en orde, de un en un, mantendo as distancias de seguridade e usando a máscara en todo momento. O persoal docente e non docente, no seu caso, serán os encargados de que isto se cumpra.



O ascensor usarase en situacións que sexa inevitable pola autonomía do alumnado, farase un uso individual salvo se o alumno ou alumna precisa acompañamento e usarase máscara.

### **33. Cartelería e sinalítica**

Marcaranse os distintos percorridos polo centro e corredores.

Sinalaranse no chan marcas para manter as distancias de seguridade e os percorridos pola dereita.

Informarase sobre a forma correcta de lavarse as mans, poñerse e quitarse a máscara, uso das luvas e sobre o Covid 19.

Informarase do uso obrigatorio de máscara e o seu uso axeitado.

Nos lugares que sexa preciso marcaranse puntos para o mantemento das distancias de seguridade.

A cartelería será colocada en puntos tales como nas entradas, corredores, aulas e aseos para a súa visualización polo alumnado, familias, persoal e persoas alleas ao centro.

### **34. Determinación sobre as entradas e saídas do alumnado transportado**

Os transportistas aparcarán dentro do recinto e ao baixar o alumnado gardará a distancia de seguridade e dirixirase coas persoas acompañantes ás portas de entrada, o alumnado será axudado tendo en conta a súa autonomía persoal. Non se esquecerán do uso da máscara, que xa debían de traer no autobús ou taxi.

No se permite a acumulación de alumnado ao baixar dos distintos transportes, facéndoo en fila de un en un, empezando polos postos de adiante cara atrás.

Gardaranse as medidas de seguridade vial como non circular por detrás dos vehículos e non baixar ou subir ata que está totalmente parado. As persoas acompañantes prestarán especial coidado co alumnado, dadas as súas características; o mesmo fará o persoal coidador, educador e persoas que axuden no servizo de transporte escolar.

O alumnado será entregado aos transportes polo educador encargado de servizo de tarde en colaboración coa dirección do centro ou membro do equipo directivo e do persoal coidador. A medida que se completen as rutas o transporte abandonará o centro no caso que de o alumnado todo dese transporte comerá no primeiro turno.

O alumnado será entregado en orde e gardando a distancia de seguridade, tendo en conta a autonomía de cada alumno ou alumna que no caso de ser preciso recibirá a axuda do persoal coidador.

A premisa para a entrega é a seguridade, a orde e a non acumulación de alumnado para a subida aos distintos transportes.



Para que non se produzan aglomeracións os transportes sairán escalonadamente se o alumnado xa comeu no primeiro turno de comida e se puido completar esa ruta.

### **35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia**

Pola mañá haberá profesorado na entrada principal, na entrada de residencia internado, na zona das aulas 14-15 e na zona das aulas 4-5-6-7-8-9. A dirección do centro estará pendente de todo o proceso de entrada cubrindo ausencias e reforzando onde faga falta.

O equipo directivo encargarse da atención ás saídas do transporte polas tardes en colaboración co persoal non docente, persoal coidador e educador despois do comedor escolar.

## **MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPA**

### **36. Programa madrugadores ou actividades previas ao inicio da xornada lectiva.**

Non se aplica\*\*\*

### **37. Previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva.**

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto escolar, sexan organizadas pola ANPA ou polo concello, estarán condicionadas á aprobación dun protocolo que se integrará no Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021-2022.

Dito protocolo determinará as medidas de prevención fronte a Covid-19 e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras e xestoras.

Este protocolo axustarase ao previsto no Anexo VI sobre actividades extraescolares e complementarias.( páxinas 76-82 do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, versión 06-07-2021)

As actividades complementarias polo centro seguirán o previsto neste anexo VI. As distintas titorías, profesorado e persoa coordinadora de actividades complementarias e extraescolares coñecerán este anexo e serán responsables da súa aplicación nas súa totalidade. Estará planificado o alumnado que participa, persoal necesario, espazos a usar, persoal alleo e medidas a tomar. As actividades e saídas serán organizadas con tempo para os preparativos necesarios e a previsión de persoal necesario.

Así teranse en contas as seguintes medidas:

- Deben manterse os grupos das distintas aulas.
- Priorizaranse as actividades no exterior.



- Rexistraranse as persoas participantes e lugar ocupado, entregando o croquis ao equipo covid.

- Extremaranse as medidas de ventilación e hixiene, antes, durante e despois.

- No caso de saídas a algún lugar coñecerase as medidas que se deben aplicar e explicaranse previamente ao alumnado.

- O número de profesorado acompañante será o preciso para garantir as medidas de seguridade sanitarias nas visitas e saídas do recinto escolar.

- No caso de usar transporte extremaranse as medidas de hixiene e o alumnado ocupará un lugar fixo na ida e na volta que será anotado polo persoal que os acompañe e entregado o croquis ao equipo Covid. Non se recomenda a mezcla de aulas ata unha mellora importante da situación sanitaria.

- O persoal alleo coñecerá e asumirá as medidas tomadas polo centro e asinará o compromiso de realizar a enquisa de autoevaluación antes da actividade. En ningún caso acudirán ao centro se teñen síntomas de igual xeito que o persoal do centro. A persoa coordinadora das actividades complementarias e extraescolares informará destes términos as persoas alleas e xestionará que se asine o compromiso de enquisa que será entregada ao equipo covid.

- O equipo covid estará informado así como o profesorado afectado ao igual que o persoal non docente necesario, facendo isto a persoa encargada das actividades complementarias e extraescolares.

- Todas as persoas extremarán a hixiene á entrada e saída do centro, gardarán as distancias de seguridade e usarán a máscara.

- As persoas que entren no centro en virtude de convenios, tales como persoal da Once ou outras entidades que apoiem o proceso de ensino-aprendizaxe deberán asinar a declaración responsable que asina o alumnado, coñecer e asumir o protocolo e extremar as precaucións na súa interacción co resto da comunidade educativa. A xefatura do departamento de orientación como membro do equipo covid informará ás persoas afectadas destes termos e informará de incidencias ao equipo covid do centro.

- Os eventos e celebracións que poidan ter lugar no centro realizaranse sempre que se poida ao aire libre e acorde ás mesmas condicións que os seus homólogos no ámbito comunitario.

### **38. Xuntanzas de ANPA e consello escolar.**

As actividades das ANPAS celebraranse por preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso as xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.



As reunións do consello escolar realizaranse preferentemente de forma telemática e en caso necesario no salón de actos coas medidas sanitarias precisas e incidindo na distancia, desinfección de mans e material e ventilación da sala.

### **39. Realización de titorías e comunicación coas familias.**

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo da titoría ou da dirección sexa preciso a titoría presencial realizarase coas debidas medidas de seguridade ( uso de máscara, hixiene de mans, distancias de seguridade, ventilación e non manipulación conxunta de material).

Utilizaranse como mecanismos de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro, o teléfono 982 82 9220, o correo [cee.santamaria@edu.xunta.gal](mailto:cee.santamaria@edu.xunta.gal) e outros sistemas como Abalarmobil.

### **40. Normas para a realización de eventos**

Este curso escolar non se realizarán eventos no centro no que poidan asistir familias para evitar a acumulación de persoas.

Poderanse realizar eventos coa participación do alumnado respectando os aforos , distancias e grupos por aula.

Estes pequenos eventos terán que ser planificados con tempo e tomaranse as medidas precisas para a súa celebración con total garantía de seguridade.

## **MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO**

### **41. Medidas para o alumnado transportado**

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.No caso do uso de taxis ou VTC poderanse usar todas as prazas, ocupando en último lugar a que está a carón do condutor.

Os/as acompañantes da empresa de transportes e persoal coidador se realizan a ruta é aos que lle corresponde a vixilancia do alumnado e velarán que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto a que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento. Asignarase asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para unha mellora da trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación sanitaria epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso mais restrictivo do mesmo.





Con carácter xeral cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos quedansuspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 km). No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado o criterio de prioridade será o de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

Os transportes entrarán no recinto para deixar ao alumnado. O persoal e familias non poderán aparcas dentro do recinto para deixar o espazo libre para o transporte escolar.

O alumnado baixará en orde e dirixirase as portas de entrada onde realizará a desinfección de mans correspondente.

O alumnado que o precise será axudado polo persoal coidador cando precise a súa axuda dacordo coa súa autonomía persoal.

O alumnado ocupará os espazos da sala de xogos, pasillo internado, aulas 14-15 e a súa zona das aulas 4-9 .En cada unha das zonas haberá persoal docente e non docente para atención e vixianza do alumnado.

A saída o alumnado que xa comeu no primeiro turno ocupará o lugar asinado sendo controlado polo persoal non docente necesario.

## **MEDIDAS DE USO DE COMEDOR**

### **42. Quendas e lugares ocupados e priorización do alumnado**

Será obrigatorio o uso de máscara excepto no momento específico da alimentación, incluído o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio e un estoxo para gardala.

O profesorado que teña clase, en calquera das aulas, na hora de comer, tanto no primeiro como no segundo turno, acompañará ao alumnado ata o comedor controlando que se garden as distancias de seguridade e se realice a hixiene de mans e unha entrada ordeada no comedor escolar.

A entrada e saída do comedor realizarase unha hixiene de mans que se poderá realizar no aseo das distintas plantas.

Usarenses mamparas para maior seguridade e o alumnado estará situado en oblicuo con dous comensais por mesa. As mamparas terán altura suficiente e de,





cando menos 0,60 cm cando se sitúen sobre o mesado.

O alumnado sentarase respectando as distintas aulas para reducir as interaccións. Ocuparán o mesmo lugar todo o curso e realizarase un croquis das distintas mesas. Será a encargada de comedor quen controlará a asistencia diaria para o seguemento e trazabilidade dos posibles casos.

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, pero si nas tarefas de limpeza.

Realizaranse dúas quendas de comedor:

- De 13.10 a 13:35

- De 14:00 a 14:30

O alumnado da quenda primeira volverá para as aulas a continuar coas sesións de docencia sendo acompañados polo profesorado con clase nesa sesión.

Respectarase as normas e o persoal educador e coidador é o responsable de que se senten no mesmo sitio e de gardar a orde mentres se realiza a comida. En caso de ser preciso ir ao aseo farase de un e un e controlado polo persoal de servizo.

Entre quenda e quenda realizarase unha ventilación de mínimo de 15 minutos e limpeza e desinfección das mesas, cadeiras, etc.

O alumnado da residencia internado realiza tamén o almorzo polo mañá e merenda e cea, polo tarde e noite. O persoal coidador e educador fará respectar estas normas de comedor.

No caso da detección de síntomas comptibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase na sala establecida como sala Covid ao alumnado afectado.

Extremarase as medidas de hixiene especialmente por parte do persoal que atende ao alumnado sen autonomía na alimentación.

#### **43. Persoal colaborador**

O centro no conta con persoal colaborador. O comedor será atendido polo persoal educador, coidador, encargada de comedor, director do centro, persoal de cociña e persoal ATS-DUE.

#### **44. Persoal de cociña**

O persoal de cociña está formado por catro persoas en quendas de dúas persoas de mañá e de tarde.



Estas persoas realizan a limpeza da cociña e almacéns de acordo co protocolo de seguridade alimentaria e tamén entre turno e turno de comida aproveitando para ventilar.

## **MEDIDAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS**

### **45. Aulas e espazos especiais**

#### Aula de música

Seguiranse as mesmas medidas que nunha aula ordinaria, insistido no desprazamento ordeado polos corredores, a hixiene de mans, desinfección dos materiais usados e ventilación da aula.

O profesorado irá a buscar ao alumnado á aula ordinaria e acompañará ao alumnado ao regreso a súa aula.

Entre cada sesión ventilarase cinco minutos e se é posible as ventás estarán abertas o maior tempo posible.

Adaptarase a metodoloxía da aula evitando para minimizar o contacto con materiais. No caso de uso de instrumentos de vento elevarase a 3 metros a distancia de seguridade e extremarase a ventilación dos espazos.

Esta aula poderá usarse como aula de apoio e seguiranse as mesmas medidas que nunha aula ordinaria, prestando atención a desinfección de materiais e ventilación.

#### Aula de informática

Respectarse a distancia de seguridade, desinfectaranse os equipos, se é posible as ventás estarán abertas e ao finalizar a sesión realizarase unha ventilación da aula.

Será usada para a asignatura de relixión e valores.

Tamén se usará para algún reforzo e será desinfectado o material ao finalizar as sesión. A aula quedará en perfecto estado de orde ao finalizar cada sesión.

#### Educación física

O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen as sesión no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros.

O profesorado irá a buscar ao alumnado as distintas aulas e insistirá na orde nos desprazamentos.

Cando se compartan materiais procurase a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente o uso da máscara no ximnasio e polideportivo.

As portas estarán abertas o maior tempo posible para favorecer a ventilación cruzada.



### Aula multisensorial

Realizarase un horario para o uso por aulas desta sala e insistirase na desinfección do material usado e ventilación a cada uso.

O alumnado deberá usar máscara o que sexa capaz de usala e manterase a distancia social de seguridade.

Eliminarase todo o material que sexa complicado desinfectar, como as bolas da piscina . A cada uso de material realizarase unha hixiene de mans e desinfección do material.

### Ximnasio e polideportivo

O ximnasio usarse para a asignatura de educación física, eventos, para os recreos e polas tardes polo alumnado de internado.

Farase unha desinfección de mans a entrada e saída e respectaranse as distancias de seguridade.

O materias estará ordenado e será usado de maneira individual ou será desinfectado.

Entre clase e clase ventilarse 5 minutos, quedando abertas as portas do exterior mentres non baixa o grupo seguinte. Nas sesións que se ocupe no recreo ventilarse antes e o mesmo ao rematar o recreo de deba ser usado.

O polideportivo usarase para os recreos, actividades de eventos se se realizan e polas tardes o alumnado de internado. Ventilarse o máximo posible estando as portas, tamén as de emerxencia, abertas e realizando hixiene de mans a entrada e saída.

### Residencia internado.

En caso de corentena o alumnado pasará a mesma no seu domicilio, sendo avisadas as familias para que acudan a buscalos o antes posible.

As normas de distancia de seguridade, uso de máscara e medidas hixiénicas son as mesmas que para o resto do centro: 1.5 metros de distancia e uso de máscara. O alumnado que non use máscara gardará a distancia de seguridade co resto de alumnado.

Ao comezo da xornada realizarase a autoenquisa de síntomas aos residentes por parte da enfermeira escolar en colaboración co persoal educador.

Estableceuse unha escaleira de baixada e outra de subida. Se se usa o ascensor este farase forma individual usando máscara e usarase só para o alumnado que o precise acompañado do persoal coidador.

Cada alumno/a terá a súa habitación individual e non se permitirá xuntanzas nas mesmas nin máis de unha persoa en cada unha. As habitacións estarán ordeadas e con todas as pertenzas nos armarios.



Os aseos terán un aforo de unha persoa e procurarase que o alumnado use os das súas habitacións ou grupo de habitacións.

Procurarase que o alumnado se duche se é posible na mesma ducha sempre e gardando as distancias ao rematar. O persoal coidador sempre estará presente cando se realizan as duchas e fará que se cumpran as normas.

No comedor respectarase a distancia de seguridade e o alumnado ocupará sempre o mesmo posto. Entrarase e sairase en orde, de un en un, e sen acumulación do alumnado facendo a desinfección de mans de forma axeitada.

No lavado de dentes poñerase especial coidado que cada alumno ou alumna use os seus enseres e que se garde a distancia de seguridade. Se o aseo ten dúas zonas de lavabos opostos poderase facer de dous en dous se non será de un en un e se é posible na zona correspondente a súa habitación. Os enseres serán gardados no armario de cada habitación ata o seguinte uso. Ao alumnado que non teña autonomía axudaráselle na hixiene dental.

Despois do almorzo da mañá o alumnado será acompañado por persoal do turno de noite ás 09:00 para incorporarse ás aulas e no caso de alumnado de programas formativos ás 08:45, non se deixarán sós polos corredores.

Se se usa material compartido debe ser desinfectado a cada uso e realizar unha desinfección de mans.

Se se usan os xogos do exterior serán desinfectados a cada uso dos mesmos.

Realizaranse ventilacións das salas ao longo das tardes e se é posible as fiestras estarán abertas.

Axudarase ao alumnado con pouca autonomía a realizar ás súas actividades diarias e as medidas de hixiene de mans ao ir ao baño, despois e antes de comer, tusir, etc favorecendo o desenvolvemento da súa autonomía persoal.

O alumnado nunca debe estar só e realizarase un control minucioso do mesmo, sobre todo aquel de nova incorporación e con máis dificultades e do alumnado que non usa máscara para que se manteñan as distancias de seguridade. Nos descansos non se deixará unha persoa cun grupo amplo de alumnado. Durante as noites realizarase unha supervisión do alumnado e dos corredores.

Realizaranse actividades relacionadas coas rutinas de lavado de mans e a súa desinfección e estase pendente do bo uso das máscaras por parte do alumnado, correspondendo estas medidas ao persoal de garda, persoal coidador e persoal educador.



Organizaranse actividades lúdicas para as tardes por parte do persoal educador, respectando as normas de seguridade e hixiene, a poder ser por grupos de alumnos e alumnas según a súa convivencia nas aulas. Esta tarefa será organizada polo persoal educador en colaboración co persoal coidador. Estas actividades, como en cursos pasados, aparecerán na PXA anual. Estas actividades desenvolveranse no exterior a cando o tempo o permita.

Os equipos de traballo (ordenador, monitor, rato, mesa, etc) deberán ser usados pola persoa titular do posto e os novos usuarios realizarán unha correcta hixiene de mans antes do seu uso.

O persoal gardará as distancias de seguridade nas súas interaccións e no comedor escolar, sala de coidadores, etc. Na sala de coidadores, cociña, etc deberán desinfectar a súa cadeira e lugar que ocupan ao abandoalo.

No caso de que o alumnado presente síntomas chamarase por parte do persoal educador á familia, aislarase na sala covid acompañado de persoal non docente coidador e chamarase tamén ao director do centro. O alumnado que se aísla deberá usar unha máscara cirúrxica, igual que a persoa que o acompaña e se non pode usar máscara o alumnado usarase polo persoal unha máscara FFP2, unha bata desbotable e pantalla facial. En caso de non dispoñer de máscaras FFP2 pode usarse unha cirúrxica e pantalla facial.

En caso de usar o salón de actos o persoal educador será o que manipule ordenador e pantalla e no caso de uso de tablet está será desinfectada ao seu uso.

O persoal de limpeza extremará a mesma sobre todo nos aseos, salas de uso compartido, ascensor e non se sacudirá a roupa das camas.

Non se permite a entrada no internado de familias ou persoas alleas ao centro salvo autorización previa para realizar algún tipo de servizo ou reparación.

Se unha familia vai acudir ao centro deberá comunicalo con antelación contactando co persoal educador no teléfono de internado. Débese ter en conta que polas tardes o persoal está a realizar tarefas e non poderá contestar ao teléfono se non hai servizo de conserxería . Así o persoal educador contactará coas familias para establecer unha hora de contacto que se realizará preferentemente ao final da xornada.

O persoal educador e coidador controlará o cumprimento das normas por parte do alumnado e estará pendente do uso axeitado da máscara, incluída a súa renovación, e do xel, da hixiene de mans, das distancias de seguridade e da orde nos desprazamentos, no comedor, salas, habitacións e aseos. O persoal axudará oa alumnado que o precise nas



medidas de hixiene tales como a hixiene de mans cada vez que se vai ao baño, se tuse, se cambia de actividade ou se vai ao aseo e tamén no uso axeitado da máscara e que se repoña cando sexa preciso. Se o alumnado necesita máscaras ou outro material contactará coas familias o persoal educador que será o que manteña en xeral o contacto coas persoas responsables do alumnado.

Certas tarefas nas que non se garde a distancia de seguridade co alumnado ao persoal recoméndaselle o uso de visera de protección aumentar a hixiene de mans e a ventilación das salas.

Nos casos nos que o alumnado non poida usar máscara e non se poida manter a distancia de seguridade poderíase indicar por parte do persoal o uso de máscara cirúrxica ou autofiltrante, ademais dunha pantalla ou viseira, en función da avaliación do risco de cada caso por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

O protocolo establecido pola Consellería, no seu punto 3.9 medidas xerais de protección individual e colectiva, di : “O uso de luvas non é recomendable en xeral, pero si nas tarefas de limpeza. As luvas serán retiradas segundo as instrucións previstas na infografía e refugaranse na fracción resto”. Así farase un uso prudente deste material e sempre limitado a labores profesionais.

### Talleres

Estableceranse medidas para o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.

Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán ser estar hixienizados para os eu uso.

O uso de ferramentas e dos equipos de traballo planificarse de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo ou alumno/a.

### Fisioterapia

Realizarase hixiene de mans a entrada e saída. Desinfectase o material usado con cada usuario e unha hixiene de mans

Entre cada sesión, que serán individuais, realizarase unha ventilación de 5 minutos e se é posible manteranse abertas as ventás e portas para unha ventilación cruzada.

Valorarase non usar o vaso terapéutico pola complicación dos aerosois como transmisores da covid.

Levarase un control do alumnado que acude ás sesións e o horario será coñecido polo equipo covid para a trazabilidade dos posibles casos.



Se é posible organizaranse as sesións de maneira que cada día sexan atendidos o maior número de alumnos ou alumnas da mesma clase para o seu seguemento.

A sala quedará u perfecto orde para favorecer súa limpeza.

#### Sala de mestres

A sala terá un aforo de 8 persoas e gardarase a distancia de seguridade, procurando non estar encarados.

Cada persoa que use a sala desinfectará o seu lugar e o material que se usou, como os equipos informáticos, zona da mesa, cadeira, etc.

A sala estará en orde para favorecer a súa limpeza e será responsabilidade dos usuarios que así sexa.

Realizarse unha minuciosa hixiene de mans a entrada e a saída da sala.

As ventás e porta estarán abertas o maior tempo posible para favorecer a ventilación cruzada

Non se autoriza a entrada na sala ás familias nin ao alumnado.

#### Salas de coidadores e coidadoras

Cada persoa que use a sala desinfectará o seu lugar e o material que se usou, como os equipos informáticos, zona da mesa, cadeira, etc.

A sala estará en orde para favorecer a súa limpeza.

Realizarse unha minuciosa hixiene de mans a entrada e a saída da sala.

Non se autoriza a entrada na sala ás familias.

O persoal respetará en todo momento as distancias de seguridade nas súas interaccións.

#### Biblioteca

Establecerase un horario para este servizo en colaboración coa persoa coordinadora.

Gardaranse as distancias de seguridade, realizarase unha desinfección de mans a entrada e saída e desinfectarse o material usado.

Procurase que o alumnado manipule o menos posible as estanterías e os libros, o mesmo que a pantalla dixital.

Se se usan os ordenadores deberán ser desinfectados a cada uso.

Entre cada grupo de persoas usuarias ventilarse a sala e se é posible as ventás estarán abertas o maior tempo posible xunto coa porta para favorecer a ventilación cruzada.

O equipo de biblioteca sinalará os postos que se poidan usar, sendo hixienizados ao rematar o seu uso.

O préstamo de libros realizarase de xeito habitual.





Aplícase á biblioteca as normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

### Sala de enfermería

Só acudirá á enfermería o alumnado que sexa atendido de urxencia, non se trata dun servizo de consulta.

Usarase a máscara e desinfectarase o material que se use.

Estará na sala o menor número de persoal posible, a enfermeira e en todo caso a persoa que acompaña ao alumnado se precisa a súa axuda.

Lavarase rexistro das persoas atendidas.

### Despachos

Nos despachos de dirección, secretaria e xefatura de estudos manteranse as distancias de seguridade, desinfectaranse as mans, sobre todo ao recoller documentación e material de uso compartido e ventilarase as salas e se é posible as ventás estarán abertas o maior tempo posible. En cada despacho instalouse unha mampara de separación.

### Conserxería

Instalouse unha mampara de separación para a atención ao público. Desinfectaranse as mans ao recoller material ou documentación.

### Uso de fotocopiadoras

As dúas fotocopiadoras serán usadas o necesario para labores propias do centro. Non se acumulará persoal ao realizar as fotocopias ou impresións, desinfectaranse as mans e a superficie das máquinas con coidado para non danar as mesmas.

\*\*\*\*En todo o centro e nas distintas salas estará prohibida a entrada de persoas alleas non autorizadas e non se permitirá a permanencia no centro de calquera persoa que non esté a realizar algunha xestión, reparación, actividade ou servizo.

## **46. Educación física**

O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen as sesión no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros.

O profesorado irá a buscar ao alumnado as distintas aulas e insistirá na orde nos desprazamentos.

Cando se compartan materiais procurase a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente o uso da máscara no ximnasio e polideportivo.

As portas estarán abertas o maior tempo posible para favorecer a ventilación cruzada.

## **47. Cambio de aula**





Cando o alumnado precise de un cambio de aula, deberá procederse a desinfectar o seu posto, en caso de ter usado con anterioridade.

Con carácter xeral o alumnado debe permanecer no seu lugar nos cambios de clase.

As saídas serán ordeadas e continuas de un e un deixando distancia de seguridade. Agardarán polo profesorado á entrada da nova sala ou aula en ringleira de un e gardando a distancia, evitando a aglomeración.

Se houberse outro grupo na aula, agardarese a que saia o grupo completo. Ventilarse a aula e o grupo entrante hixienizará as mesas e cadeiras, podendo facer isto tamén o grupo saínte.

Polos corredores circularase en silencio, en orde, pola dereita evitando se é posible tocar as paredes, pasamáns ou outros obxectos. O alumnado seguirá en todo momento as instrucións do profesorado, persoal educador ou coidador.

#### **48. Biblioteca**

Establecerase un horario para este servizo en colaboración coa persoa coordinadora.

Gardaranse as distancias de seguridade, realizarase unha desinfección de mans a entrada e saída e desinfectarse o material usado.

Procurase que o alumnado manipule o menos posible as estanterías e os libros, o mesmo que a pantalla dixital.

Se se usan os ordenadores deberán ser desinfectados a cada uso e realizar unha hixiene de mans.

Entre cada grupo de persoas usuarias ventilarse a sala e se é posible as ventás estarán abertas o maior tempo posible xunto coa porta para favorecer a ventilación cruzada.

O equipo de biblioteca sinalará os postos que se poidan usar, sendo hixienizados ao rematar o seu uso.

O préstamo de libros realizarase de xeito habitual.

Aplícase á biblioteca as normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

#### **49. Aseos**

O aforo dos distintos aseos será de unha persoa en todo momento.

Deixarase saír ao baño de un en un ao alumnado e procurase que se faga antes de saír ao recreo ou a comer, para non ter que facelo durante o tempo de lecer ou comida.

Realizarase hixiene de mans cada vez que se vai ao baño e o persoal coidador axudará ao alumnado que o precise. O material de hixiene será desbotado na papeleira con tapa.



O persoal que acompañe ao baño ao alumnado deberá extremar as medidas de hixiene e rocoméndase o uso de pantallas de protección no cambio de cueiros.

O alumnado usará os baños que teña máis preto da súa aula.

O persoal de limpeza extremará as medidas de limpeza nos aseos e estará pendente de repoñer o material de hixiene preciso: panos, xabón, etc.

Nos recreos usaranse os aseos do lado do comedor e os de peiteado da planta sótano.

As persoas alleas ao centro usarán o aseo máis próximo a entrada, o que se atopa xunto á sala de mestres, o primeiro despois da entrada. Extremarase a limpeza deste aseo.

## **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS**

### **50. Horarios e espazos.**

O horario dos recreos será de 11:40 a 12:10.

Usarase como zonas de recreos a sala de xogos, ximnasio, patio exterior, polideportivo cuberto e a zona ao lado do polideportivo si é posible.

Cando faga bo tempo realizarase da seguinte maneira:

- Aulas 14-15-4-5-6-7 usarán o patio exterior.
- Aulas 1-3 a zona da sala de xogos.
- Aulas 8-9- xardinería e peiteado o polideportivo cuberto e a zona ao lado do mesmo.

En caso de que faga mal tempo:

- Aulas 1-3 usará a sala de xogos.
- Aulas 14-15 usará o ximnasio.
- Aulas 4-5-6-7-8-9- xardinería e peiteado usarán o polideportivo e zona de porche saída peiteado.

No caso de que non se poida saír os recreos serán na aula coas titorías correspondentes.

A saída farase en orde e con puntualidade así sairá primeiro o grupo da aula 14-15 e ocupará o seu lugar, despois o grupo das aulas 4-5 6-7 8-9 e 1-3 . Para o polideportivo sairán en orde e ocuparán o seu lugar accedendo pegados a bandas das distintas zonas. Evitaranse as aglomeracións, aínda que se trata de grupos moi reducidos.

As portas do polideportivo, ventás do ximnasio e sala de xogos permanecerán abertas o maior tempo posible e despois do recreo quedarán abertas as ventás para a súa ventilación.



O persoal de garda controlará o mantemento das distancias de seguridade e o profesorado que teña clase despois do recreo esperará e axudará na entrada do alumnado para evitar a aglomeración do mesmo.

O profesorado que teña clase antes de saír ao recreo será o encargado de levar ao alumnado ao lugar de recreo e non se deixarán só polos corredores a ningún alumnado de ningunha aula.

### **51. Profesorado de vixilancia**

Na PXA aparecerá o profesorado de garda organizado da seguinte maneira:

- Aula 1-3 : 1 profesor/a.
- Aula 14-15: 1 profesor/a.
- Aula 4-5: 1 profesor/a.
- Aula 6-7: 1 profesor/a.
- Aula 8-9: 1 profesor/a.
- Xardinería: 1 profesor/a.
- Peiteado: 1 profesor/a.
- Aseos: 2 profesores/as.

O persoal coidador axudará ao profesorado de garda según as necesidades de cada aula.

## **MEDIDAS PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS PRIMEIROS CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **52. Educación infantil**

Non se aplica neste centro por non ter matrícula.

### **53. Merenda**

A merenda realízase nas aulas, aumentando a ventilación e realizando a hixiene de mans de maneira minuciosa ao comezo a ao rematar a mesma.

## **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES**

### **54. Emprego do equipamento**

Estableceranse medidas para o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.

Os equipos de protección individual deben estar hixienizados para o seu uso e serán de uso individual.

O uso de ferramentas e equipo de traballo organizarase de tal xeito que a realización



da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada uso.

O material que sexa compartido deberá ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez rematada a mesma. Implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

Os portátiles, tablet, etc de uso común serán desinfectados despois de cada uso para a seguridade das persoas que o usen despois e realizarase unha hixienización das mans.

## **NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE**

### **55. Medidas e tarefas**

Co carácter xeral, no caso da atención á diversidade, manteranse as catro medidas fundamentais na prevención do coronavirus: uso de máscara de protección, incremento da hixiene de mans ata un mínimo de 5 veces ao día, mantemento da distancia de seguridade e potenciación da ventilación dos espazos pechados.

O alumnado con necesidades educativas especiais utilizará máscara cirúrxica ou hixiénica, que cumpra coa normativa UNE 0064, para as de un só uso, ou UNE 0065, para as reutilizables, sempre que teña unha idade superior a 6 anos. Neste colectivo será necesario verificar a tolerancia do neno ou nena á máscara. Se non fose posíbel a súa utilización prescindirase do seu uso e manterase a distancia de seguridade.

Nos casos nos que o alumnado non poida usar máscara e non se poida manter a distancia de seguridade poderíase indicar por parte do persoal o uso de máscara cirúrxica ou autofiltrante, ademais dunha pantalla ou viseira, en función da avaliación do risco de cada caso por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento dende a entrada, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como a hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer a naquelas casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

No caso dunha escolarización combinada, coidarase adoptar as mesmas medidas co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado. Recoméndase que os días de permanencia en cada centro sexan continuadas para facilitar a



trazabilidade epidemiolóxica. O alumnado formará parte do grupo de convivencia estable que lle corresponda nos distintos centros.

Prestarase especial atención á hixienización dos agarres das cadeiras de rodas, que poden ser manipulados por diferentes persoas no centro, realizando a súa hixienización a entrada e saída do centro e cando se realice un desprazamento. As persoas que manipulen as cadeiras realizarán unha hixiene de mans despois do seu uso.

No caso de que o alumnado faga uso de elementos educativos como colchonetas, elementos de estimulación sensorial, etc procederá a ventilación posterior da sala e limpeza e desinfección dos materiais.

Extremaranse as medidas de hixiene no comedor escolar especialmente por parte do persoal que atende ao alumnado sen autonomía na alimentación.

Recoméndase o uso de viseras de protección cando non se poida manter a distancia de seguridade como no cambio de cueiros, alimentación, acercamento e procesos que axuden a súa calma e tranquilidade que precisen do non mantemento da distancia de seguridade. Aumentarase a hixienización de mans, superficies e ventilación das salas.

O centro axustará tódalas indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais. Poderá dispoñerse cartelería con pictogramas así como a adaptación de información a modalidades como a lectura fácil.

Recoméndase que ao inicio de curso o alumnado dispoña dun documento de adaptación específico de medidas de seguridade. Este documento será elaborado polo departamento de orientación del centro en colaboración co/a pediatra de referencia do alumnado. A profesional de enfermería do centro colaborará neste traballo. Seguirase o establecido no anexo IX de atención á diversidade no contexto da Covid-19 do protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario da Galicia para o curso 2021-2022.

O alumnado con necesidades educativas especiais contará cun protocolo e orientacións de atención específicas, con especial atención aos centros de educación especial.

## **MEDIAS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO**

### **56. Medidas específicas para o profesorado**

Corresponde a o profesorado manter unha conduta exemplar no cumprimento das de protección, ademais de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido



para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

O profesorado contará cunha dotación de material composto por panos desbotables, solución hidoalcohólica e solución desinfectante que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O profesorado será responsable deste material, do seu uso e da non manipulación por parte do alumnado para que non supoña un perigo para os demais.

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

Na sala de mestres a seu aforo será de 8 persoas, manterase una distancia de 1,5 metros e lembrese a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a dos elementos de uso común como teclados, pantallas, etc

No caso de usar a prensa realizarase unha desinfección de mans antes e e despois do seu uso.

No caso de usar a fotocopiadora de conserxería ou da primeira planta desinfectaranse as mans a cada uso e non se permitirá a acumulación de persoas no seu uso. Cada certo tempo relizarase unha desinfección das superficies con coidado para non danar o equipo.

## **57. Previsións para os órganos colexiados**

De conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 40/ 2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderense constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, agás nos supostos nos que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario e que, de ser este o caso, poderá revisarse e realizar as modificacións e adaptación oportunas.

Nas reunións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase válidamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou emitido por correo electrónico.

As reunións do consello escolar realizaranse de forma telemática e en caso de ser necesaria unha reunión presencial realizarase no salón de actos coas medidas de distanciamento e hixiénicas necesarias insitando na desinfección de mans, distancias e ventilación da sala.



As reunións do claustro de mestres serán realizadas a primeira do curso no salón de actos, se a situación sanitaria o permite, e as seguintes, se persiste a situación sanitaria, de forma telemática.

As reunións dos órganos de coordinación realizaranse de forma telemática e se é preciso realizalas de forma presencial serán no salón de actos coas medidas precisas.

En todas as reunións presencias será fundamental manter as distancias, usar máscara, ventilar as salas e realizar unha hixiene de mans a entrada e a saída.

Usarase para as distintas reunións telemáticas a aplicación Webex, que deberá de irse probando para asegurar o seu funcionamento.

As convocatorias de reunións realizaranse con tempo para a súa planificación e coñecemento de todo o persoal convocado.

Na páxina web do centro hai un enlace para unirse as distintas reunións desde a aplicación Webex.

## **MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO**

### **58. Formación en educación para a saúde.**

De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a Covid-19.

Diseñaranse e implementaranse actividades actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte á Covid-19, para facer ao alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo estas actividades serán incluídas de forma trasnversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que se viñan facendo no centro, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

Estas e outras actuacións desenvolveranse desde unha perspectiva interdisciplinar e baixo as dúas liñas marcadas:

- Hábitos de alimentación saudable.
- Vida activa que inclúa actividade física no día a día a ao longo da vida.

O persoal de enfermería colaborará coas distintas titorías na formación para a saúde en especial na interiorización das medidas sanitarias e a súa concienciación colectiva. Formarse entre outros nos seguintes puntos:

- Hixiene de mans: polo menos cinco veces ao día como ao entrar e saír do centro, antes e despois do patio, de comer e sempre despois de ir ao aseo. Recomendase





hixienizar as mans con auga e xabón uns 40 segundos ou 20 segundos usando xel. Cando as mans teñen suciedade visible o xel non é suficiente e é preciso usar auga e xabón.

- Evitar tocarse o nariz, os ollos e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.

- Ao toser ou esbirrar, non retirarse a máscara e cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.

- Usar panos desbotables para eliminar secrecións respiratorias e tiralos despois do seu uso a unha papeleira con bolsa a ao poder ser con tapa e pedal, realizando unha posterior hixiene de mans.

- Uso axeitado da máscara e a forma de poñela, quitala e de desbotala.

En todo caso adaptaranse as medidas de formación ás necesidades do noso alumnado usando recursos como os SAAC, lectura fácil, etc.

Corresponde ao profesorado e resto de persoal manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais de acordo coas capacidades do grupo aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

A Consellería de Sanidade e Educación continuarán mediante fórmulas de teleformación e formación para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2021-2022 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.

### **59. Difusión das medidas de prevención e protección.**

No centro comunicarase a información ás familias na web do centro ou por medio de circulares e en todo momento estará o teléfono do centro e correo electrónico para calquera dúbida que poida xurdir. Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que as indicacións das autoridades sanitarias cambien.

O centro, por medio das canles habituais, informará de toda a información enviada polas distintas autoridades, sanitarias e educativas. Así mesmo en colaboración co centro de saúde de referencia incluíráse posible charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro.

### **60. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais.**

O profesorado do centro recibiu unha formación sobre o uso das aulas virtuais e recursos para atención educativa non presencial do alumnado.



Este curso seguiremos formándonos nestes aspectos de acordo co plan de formación do profesorado e a formación que poña a disposición a administración educativa.

A persoa coordinadora en colaboración co equipo directivo e profesorado será a encargada de crear os cursos na aula virtual e axudar a todo o profesorado na actualización da aula virtual, se é o caso. Poderá colaborar persoal non docente nesta tarefa.

Será divulgado entre o profesorado do centro toda a información sobre formación que poida ser significativa sobre a atención ao alumnado do centro.

Contaremos coa axuda da UAC, CEFORE, coordinación Abalar e webs dinámicas, contactando con estes servizos a persoa encargada das Tics e o equipo directivo.

### **61. Previsións derivadas do documento de “instrucións de inicio de curso”**

O profesorado terá en conta as instrucións establecidas na Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Estas instrucións céntranse na avaliación inicial do alumnado para a toma de decisións, na formación do alumnado para o uso da Aula virtual, se é o caso, a atención educativa non presencial de acordo co plan de continxencia elaborado polo centro e as normas que poida ditar a autoridade educativa. Todas estas consideracións serán reflectidas nas distintas programacións que elabore o profesorado para o curso 2021-2022.

Pola súa parte o profesorado que imparte docencia nos programas formativos seguirá as instrucións establecidas na Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022.

O departamento de orientación reforzará as actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.

Así mesmo proporcionará asesoramento pedagóxico ao profesorado para axustar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade así como para adaptar a súa propia función de orientación á situación do momento.

### **62. Difusión deste plan de incorporación entre a comunidade educativa.**



Este plan será aprobado pola dirección do centro, presentado ao consello escolar, claustro de mestres e enviado á inspección educativa, xunto co resto de documentación do centro.

Este plan será publicado na web do centro e enviarse un enlace usando a aplicación Abalarmóbil as distintas familias. Axudarese as familias na descarga desta aplicación. Usaranse tamén circulares para dar as coñecer as principais medidas.

Será enviado a todo o persoal non docente do centro para o seu coñecemento. As medidas que lles afecten máis directamente serán tratadas nas reunións previas oa inicio de curso.



## **ANEXO PROTOCOLO DE LIMPEZA**

Este protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza do centro que son de plantilla e non pertencen a empresa externa.

### **MEDIDAS DE LIMPEZA**

Limpeza de polo menos unha vez ao día das instalacións do centro, reforzando a mesma el algunhas zonas como os aseos que será de polo menos dúas veces ao día.

Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, botoneira do ascensor e outros elementos similares como as billas das cisternas e outros dos aseos.

Os puntos críticos para extremar a limpeza e desinfección serán: teléfonos, mesas, interruptores, picaportes, dispensadores, grifos, cisternas, duchas e asentos de baños e urinarios.

Durante a xornada lectiva realizarase unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de dúas veces na xornada.

Nas aulas desinfectarse as mesas, cadeiras e material de uso compartido. O alumnado desinfectará o seu posto escolar se é capaz de facelo e se non será axudado polo persoal docente ou non docente. O persoal docente desinfectará o material persoal a cada cambio a de clase.

En cada aula haberá material para desinfectar e nas zonas comúns tamén ,nos aseos xabón e dispensadores de papel ou toallitas esbotables.

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparadas ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No seu uso sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

Logo da limpeza os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose despois ao lavado de mans.

Vixiarase a limpeza das papeleiras con bolsa e tapa, de xeito que queden limpas a cos materiais recollidos, para evitar calquera contacto accidental.

Realizaranse labores de ventilación frecuente nas instalacións de polo menos de 15 minutos ao comezo da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, coas medidas de prevención de accidentes necesarias. Tamén se poderá ventilar 2-5 minutos cada 15-20 minutos de uso das salas e aulas.

Cando as condicións metereolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.



Débase aumentar a subministración de aire fresco e buscar ventilación cruzada das distintas dependencias.

Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo, ventilarase a aula ou sala polo menos 5 minutos logo de cada sesión.

Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e ao alumnado empregue para o secado de mans para o cumprimento da etiqueta respiratoria sexan refugados en papeleiras con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionadas con pedal.

Todo o material de hixiene persoal debe desbotarse na fracción resto ( agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

No caso de que un alumno/a ou profesional do centro presente síntomas mentres se atope no centro será preciso illar o contenedor onde se depositen os panos e outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de a persoa que presentou síntomas abandone o centro.

O persoal de cociña realizará a limpeza da cociña e comedor según os protocolos de seguridade a alimentaria, extremando a mesma mentres dure a situación sanitaria provocada polo COVID 19.

O persoal de cociña tena obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.

Extremarase a limpeza mentres dure esta situación sobre todo das zonas comúns, aulas e aseos.

O persoal docente e non docente manterá a orden as súas zonas de traballo e descanso para facilitar a limpeza das instalacións.

Conserxería ventilará as instalacións a primeira hora antes de comezar a xornada lectiva. Na zona de residencia internado será o persoal de limpeza o encargado de ventilar, coa colaboración do persoal educador e coidador nas súas dependencias e salas de uso durante todo o servizo.

O persoal educador e coidador desinfectará o material que use o alumnado ao longo da xornada e da realización das distintas actividades coa colaboración do alumnado que poida facelo.

## **PERSOAL DE LIMPEZA**



O centro conta con persoal propio de limpeza:

- Dúas persoas con xornada de mañá de 07:30 a 15:00 horas.
- Un persoa con xornada de tarde de 14:30 a 22:00 horas.
- Unha persoa a media xornada con horario de tarde de 15:00 a 18:45.

As persoas de xornada de mañá realizarán a limpeza da zona de internado, salón de actos, pabellón, ximnasio, entrada cociña, pasillo comedor, informática, biblioteca, sala de xogos e pasillo de cociña. Ademais realizarán unha limpeza das superficies de uso frecuente e nos aseos de dúas veces na xornada lectiva. Terase especial atención nas superficies de uso frecuente como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos e outros elementos similares como billas das cisternas e outros dos aseos.

As persoas de turno de tarde limparán a zona da planta baixa, planta un e sótano.

Documento elaborado polo equipo Covid de centro

Documento presentado ao claustro de mestres o día 2 de setembro de 2021

Documento presentado ao consello escolar o día 7 de setembro de 2021

Documento aprobado pola dirección do centro o día 7 de setembro